

SUBVENCIÓN NOMINATIVA ENTRE O CONCELLO DE SAN SADURIÑO E A ESCOLA DE FÚTBOL IRMANDIÑOS

En San Sadurniño, a 16 de maio de 2023.

REUNIDOS:

Dunha parte D. Secundino García Casal, con DNI [REDACTED] Alcalde do Concello de San Sadurniño, asistido pola Secretaria-interventora do Concello, que actúa como fedataria da formalización da presente subvención nominativa, no exercicio da función de fe pública, de conformidade co que dispón o artigo 2.i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico das funcionarias e funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

Doutra parte D. Alberto Todosantos Serantes, con DNI [REDACTED] en calidade de Presidente - representante da Escola de Fútbol Irmandiños, con sede social no lugar de Abade, s/n – 15563, na localidade de Moeche e CIF: G02892941.

As partes participantes recoñécense mutuamente a capacidade suficiente para a válida celebración desta subvención, e

MANIFESTAN:

Primeiro.- Que o Concello de San Sadurniño considera de interese xeral e ten como obxectivo proporcionar alternativas vinculadas ao eido deportivo como unha medida de promoción de hábitos saudables, valores para o desenvolvemento humano e social, e favorecedora da inclusión social. Nesta liña, os concellos pretenden a promoción da práctica do deporte afeccionado nos termos municipais.

Segundo.- Que a Escola de Fútbol Irmandiños é unha entidade sen fin de lucro que organiza actividades de fútbol base nos termos municipais de Cerdido, Moeche, San Sadurniño e As Somozas.

Terceiro.- Que no seu artigo 25, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúeselle aos concellos, entre outras, a competencia para a promoción do deporte, instalacións deportivas e ocupación do tempo libre. Para a consecución destes obxectivos, o Concello de San Sadurniño busca liñas de



cooperación coas distintas entidades sociais que teñan entre as súas funcións estes mesmos fins, e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política municipal neste ámbito.

En virtude do exposto, as partes que interveñen acordan formalizar a presente subvención de colaboración, de conformidade coas seguintes:

BASES:

PRIMEIRA.- A presente subvención nominativa ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de San Sadurniño e a Escola de Fútbol Irmandiños.

SEGUNDA.- Para o seguimento da subvención e dous seus fins poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimento, de carácter paritario, na que estarán representados, por parte do Concello de San Sadurniño o Alcalde ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, e por parte da entidade beneficiaria, a persoa que ocupe a súa presidencia.

As funcións desta comisión concretaranse en:

1. Facer un seguimento do cumprimento do indicado nas cláusulas da subvención.
2. Revisar os acordos actuais e dar o visto e prace ás addendas que puidesen sumarse á subvención.
3. Representar os intereses do Concello de San Sadurniño e da entidade beneficiaria relativos ao contido desta subvención ante as institucións públicas ou privadas coas que sexa preciso relacionarse para a consecución dos obxectivos.
4. Formular cantas propostas sexan necesarias para enriquecer e mellorar o obxecto da subvención.

TERCEIRA.- Poderá crearse unha Comisión Técnica de Traballo, tamén paritaria, que será designada pola Comisión de Seguimento. Esta comisión terá as seguintes funcións:

1. Coordinar tecnicamente as accións que se van desenvolver para dar cumprimento aos fins da subvención.



2. Elevar cantas propostas técnicas sexan necesarias á Comisión mixta de seguimento para enriquecer e mellorar o obxecto da subvención.

CUARTA.- Á vista de que este Concello ten entre as súas áreas de actuación e competencia a promoción do deporte, instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, así como a promoción turística e cultural, todo isto dentro do interese xeral que reside na práctica do deporte como vehículo de mantemento da forma física e a saúde da poboación e a ocupación de tempo de lecer en actividades cunha importante faceta social e de integración colectiva, para dar resposta a esta necesidade é preciso subvencionar a actividade de ESCOLA DE FÚTBOL IRMANDIÑOS como medio de consecución dos obxectivos indicados en colaboración coa promoción privada, toda vez que o Concello de San Sadurniño carece de medios persoais e materiais suficientes para unha actuación equivalente.

QUINTA.- O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto é a partida 3410.48000 por importe de 6.000,00€, segundo a previsión contida no anexo de subvencións do Orzamento Municipal 2023 de San Sadurniño, sendo beneficiario da mesma a entidade ESCOLA DE FÚTBOL IRMANDIÑOS.

SEXTA.- As actividades a desenvolver pola entidade beneficiaria son o seguimento do calendario do campionato de liga e copa establecido pola Real Federación Galega de Fútbol nas categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e xuvenil xunto coa formación educativa a nivel deportivo, social e en materia de hábitos saudables. A estes efectos, o obxecto da subvención virá dado pola colaboración económica por parte do Concello de San Sadurniño no desenvolvemento pola ESCOLA DE FÚTBOL IRMANDIÑOS da actividade indicada nos termos municipais dos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño

SÉTIMA.- A execución das actividades deberá realizarse ao longo do exercicio 2023, sendo subvencionables os gastos correntes relativos ao obxecto da subvención que de maneira indubitada respondan a natureza da actividade mencionada e sexan efectuados e aboados dentro do ano natural.



O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia de data de pago e da identidade do perceptor.

OITAVA.- As obrigas da entidade beneficiaria serán as establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e nomeadamente as seguintes:

- a) Desenvolver a actividade subvencionable durante os periodos de tempada deportiva de fútbol
- b) Dar publicidade do financiamento deste Concello en calquera medio escrito, radiofónico, audiovisual ou de internet en que se publiciten as actividades da entidade, mediante a inserción da imaxe visual do Concello (imago tipo e logotipo) en toda a cartelería, folletos e publicidade en xeral que sexan editados con ocasión do desenvolvemento de actos deportivos (Regulamento de imaxe visual corporativa do Concello, publicado no BOP nº 99 do 27/05/2013)
- c) A entidade fará uso tamén do logotipo do proxecto de Xeoparque do Cabo Ortegal, do que o Concello de San Sadurniño é entidade promotora, no material divulgativo que edite, toda vez que o mesmo pode ser beneficioso directa e indirectamente para a Escola de Fútbol
- d) Cumplir cos compromisos sobre uso da lingua galega e promoción da igualdade e a inclusión; en concreto, nas súas comunicacións e publicidade a entidade beneficiaria comprométese ao uso da lingua galega, á utilización da linguaxe inclusiva non sexista e a empregar imaxes que promovan os valores da inclusión e da igualdade.
- e) A entidade beneficiaria comprométese a sumarse ás campañas desenvolvidas por parte do Concello de San Sadurniño en relación á promoción da igualdade




e prevención da violencia de xénero.

NOVENA.- A subvención do Concello de San Sadurniño é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

A xustificación dun importe inferior determinará a redución proporcional da achega municipal.

DÉCIMA.- O importe da subvención aboarase con cargo aos créditos que figuran no orzamento de gastos, aplicación orzamentaria 2023/3410.48000, destinados a tal fin e o pago realizarase previa presentación da documentación xustificativa por medios telemáticos:

- Memoria declarativa das actividades realizadas financiadas coa subvención con desglose de gastos e o seu custo
- Relación de facturas ou documentos de igual valor probatorio no tráfico mercantil dos gastos realizados xunto cos orixinais ou copias cotexadas das mesmas e os xustificantes de pago dos mesmos (poderán achegarse copias simples, e o Concello resérvase a posibilidade de solicitar a exhibición dos orixinais)
- Certificación ou declaración de terse realizado o obxecto da subvención
- Memoria explicativa da actividade xunto con xustificación documental onde conste o cumprimento das obrigas da cláusula Quinta(recortes de prensa, programas de man, fotografías...)
- Relación detallada e certificación das cantidades obtidas por subvención ou axuda de outras entidades
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, certificada cunha antigüidade máxima de 10 días respecto da data de presentación da conta xustificativa



As memorias declarativa e explicativa poderán presentarse nun só documento segundo modelo normalizado.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar aparelhada a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pago dos xuros de demora que se xeren o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

DÉCIMO SEGUNDA.- O réxime xurídico aplicable será o establecido nesta resolución, na Ordenanza Xeral de subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e na súa normativa de desenvolvemento.

E en proba de conformidade asina por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Asinan

O Alcalde do
Concello de San Sadurniño

Secundino García Casal

O Presidente da Escola de Fútbol
Irmandiños

Alberto Todosantos Serantes

